

1840-
2020

180^o ANIVERSARIO ~



TEATRO
ROSALÍA CASTRO
A CORUÑA

 **TEATRO**
Rosalía Castro | **180** ANIVERSARIO

Teatro Rosalía Castro: 180 anos de escena galega

Inés Rey García

Alcaldesa e presidenta do IMCE

O 25 de decembro de 1840, cun baile de sociedade, abriu as portas o chamado Coliseo de San Jorge, oficialmente Teatro Nuevo, despois Teatro Principal e, desde 1909, Teatro Rosalía Castro, o noso Rosalía.

Estes pequenos relatos e imaxes que presentamos arredor del convidánnos a facer memoria do edificio e da súa alma, das xentes que a formaron sentindo a arte, gozando da música, do cinema, do teatro, dos que hoxe, mesmo neste momento de incerteza e restricións de contacto social, seguen a atender a súa chamada, que é a chamada da cultura.

Polo Rosalía, sendo aínda Principal, pasaron Sarasate, o despois Alcalde Canuto Berea, Francisco Anón. Foi o teatro local de actos políticos republicanos, como fora tamén marco de visitas rexias. Veu debaterse o primeiro proxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia, ouviu declamar en certames e xogos florais. Resoan aínda na escena baleira os pasos de baile, as voces das óperas de pequeno formato, o son das cordas das orquestras de cámara, das guitarras, dos tambores, das pandeiretas.

Adoitase salientar o carácter do edificio como un produto do estilo arquitectónico ecléctico, un pouco como todos os teatros do tempo, un pouco como ningún, un carácter respectado pola restauración de Gallego Jorreto.

Quizais sexa iso o que lle permitiu ao Rosalía seguir coa ollada atenta e serena no número 37 do Rego de Auga, vendo pasar a arte e a vida, sufrindo incendios que nunca o queimaron de todo, mesmo sendo bombardeado cando a guerra quixo frear a vida e a arte.

Quizais por iso hoxe, e aínda máis mañá, un mañá próximo, segue aí o Rosalía, ofrecendo o mellor da escena galega e española, esgotando localidades aínda sen restrinxir o aforo, contando presenzas dos fieis ao carón de asentos agora obrigatoriamente desocupados, abrindose ao mundo pola rede que leva as gravacións no noso teatro e a arte que nel se fai a todos os recunchos onde o Rosalía viaxa.

Quizais sexa por ese gusto plural e diverso, porque este teatro é como A Coruña, aberto, libre, porque nel nos encontramos, uns cos outros e todos con nós mesmos, que o Rosalía, xa da man do Instituto Municipal Coruña Espectáculos desde hai 25 anos, seguirá levantando o pano carmesí en veladas e matinés, enchendo de arte escénica, de vida cultural os anos vindeiros do terceiro século que pasa diante del, que entra dentro del.

Este é o Rosalía, o noso escenario, o noso teatro.

Parabéns, TRC.

Un teatro en plural para unha cidade diversa. TRC (1840-2020). 180º aniversario

Xosé Paulo Rodríguez Domínguez

Director do Teatro Rosalía Castro

Sería ousado que quen subscribe estas palabras non fixera un exercicio de humildade, recoñecendo a inmensa honra e fonda responsabilidade que sente á hora de dirixir este fermoso e claro referente das artes escénicas desde o seu nacemento ata hoxe, chegando aos seus 180 anos de funcionamento en decembro do ano corrente.

Cando penso no TRC a conclusión sempre é a mesma, a evocación histórica do equilibrio, da pluralidade, de dar resposta á diversidade, do servizo público e da permanencia invicta ante a adversidade.

Desde o seu momento fundacional, recollido na acta da Junta de Beneficiencia do 20 de agosto de 1838, na que se acorda dar comezo á construción do Novo Teatro nos terreos da antiga igrexa de San Xurxo, queda evidenciada a súa dimensión filantrópica, pois a súa concepción baséase na busca dunha sólida fonte de ingresos para actividades solidarias cara aos máis desfavorecidos da cidade da Coruña: atopámonos na época na que os teatros de beneficencia eran un dos recursos máis socorridos e lucrativos. A isto hai que lle engadir que a súa construción inicial (1838) e a reconstrución (1867) fixéronse cunha campaña de subscrición voluntaria de accións entre a cidadanía coruñesa.

Un **teatro plural**, polos múltiples nomes que recibiu ao longo da súa historia, inicialmente **Teatro Nuevo**, nome que conviviu coa denominación popular de **Coliseo de San Jorge**, para pasar despois a denominarse **Teatro Principal** e acabar chamándose, finalmente, **Teatro Rosalía Castro**, a partir do ano 1909, en honor á nosa indiscutible poeta. Plural, polas diferentes reformas, e contra-reformas, ás que se viu sometido e que foron configurando, estética e arquitectonicamente, o seu aspecto actual.

O proxecto inicial, de José María Noya, viuse afectado pola falta de fondos para a cometer a obra inicial dun teatro con dous edificios anexos, tendo que optar pola construción única do corpo central no que se radicaba o novo teatro, o cerne do proxecto. Despois de 1867, cando foi arrasado polas lapas na noite do 3 ao 4 de xaneiro, será Faustino Domínguez Coumes-Gay quen encare a recuperación do teatro, outorgándolle a fachada sur que servirá de unión entre as galerías da cidade de cristal e a liña construtiva das Casas de Paredes, fachada que será a que sobreviva ata hoxe, nese mesmo momento, é cando se define o interior neobarroco da man do prestixioso e renomeado pintor e decorador Eusebio Lucini Biderman, artífice da fermosa impronta e maxestosidade interior do teatro, conservado case integramente ata o día de hoxe. E así sucesivamente, varias reformas (1872, 1881, 1906, 1929, 1937, 1952...), por deterioro provocado polo intenso uso, reformas para dar resposta a novas necesidades, para integrar avances tecnolóxicos, para acadar un aforo superior para a explotación comercial dos espectáculos ou do cinematógrafo, ata a última reforma, despois do proceso de remunicipalización nos anos noventa. Da man de Manuel Gallego Jorreto, abría outra vez as súas públicas portas o 22 de abril de 1995 renovado e coa recuperación de todo o seu esplendor inicial.

Un **teatro diverso** porque foi quen de acubillar no seu seo propostas históricas e heteroxéneas que daban, e dan, boa resposta ás inqedanzas culturais dunha cidade activa e comprometida cultural e socialmente, desde o activismo intelectual e político. O TRC funcionou, e funciona, como plataforma plural para canalizar as máis diversas actividades de todo tipo: escénicas, musicais, operísticas, cinematográficas, danzísticas e das artes do movemento, circenses ou para atender o que na actualidade entendemos como Terceiro Sector, alicerce fundacional da actividade deste teatro desde os seus inicios, unha boa nómina de entidades asociativas que xa operaba entón e continúan operando. A posta en valor do propio, con momentos históricos como Os primeiros Xogos Florais en 1863, promovidos por D. José Pascual López Cortón, ou a estrea dunha boa nómina de textos teatrais da Escola Rexional Galega de Declamación que dará inicio á normalización da dramaturxia galega. Lembremos que será o Teatro Principal o que acolla a estrea da primeira obra feita en galego da que temos coñecemento, *A Fonte do Xuramento*, de Francisco María de la Iglesia, estreada o 23 de outubro de 1882. Isto sen renunciar á captación e capitalización das compañías de repertorio do resto do estado, e algunha estranxeira, que nun inicio usaban o noso porto como punto de partida ou de chegada das súas xiras de ultramar. Elemento que, sen dúbida, contribuíu de feito definitivo á creación da afección da nosa cidade polas artes escénicas e musicais. Foron, e son, moitas as *premières* funcións de numerosos artistas e compañías as que se realizaron nas táboas do TRC, palco do talento galego e foráneo.

Un **teatro invicto** ante a adversidade, foron moitos os momentos críticos que sufriu este teatro, desde a renuncia inicial, por falta de recursos, aos tan desexados salóns de descanso e lecer para a alta sociedade decimonónica, moi propios da época, apostando

unicamente pola propia sala de teatro completamente núa por fóra e colosal por dentro, ata o bombardeo sufrido de mans do exército franquista o día 20 de xullo de 1936. Invicto ante a primeira pandemia do século XXI, mantendo o pulso firme á hora de prestar o servizo cultural á cidadanía desde o primeiro momento no que se puido reactivar a actividade cultural, con todas as garantías e cumprindo todos os protocolos sanitarios, mais abandeirando a iniciativa e sendo un dos primeiros en reactivarse de todo o Estado. Mais tamén foron moitos os momentos de esplendor e de celebración ao longo destes 180 anos.

Un teatro con vocación de **servizo público** fundacionalmente e na actualidade, catalizando o pulso da vida cultural da cidade, constituíndose como referente das artes escénicas en Galicia e no resto do Estado, xa categorizado como o único teatro galego que acadaba integrar o pequeno grupo dos teatros de Segunda Orde atendendo á clasificación dos teatros do Reino feita en 1849. Na actualidade está a acadar en sucesivos anos unha das mellores cualificacións do Observatorio de Cultura Española, quedando na cabeza de lista autonómica en varias ocasións nos últimos anos. A vocación de servizo público faise manifesta desde os inicios da súa andaina cun certo aperturismo de acceso á cultura das clases populares- non esquezamos que estamos a falar dunha época na que a cultura tiña un marcado carácter elitista-, que no TRC se vía mitigada con diversas iniciativas encamiñadas á construción dun teatro da cidade, seguro que involuntariamente, mais con certeza dando resposta ao pulso da cidade e da súa ansia por sentirense partícipes do novo proxecto escénico da Coruña. Iniciativas como os Bailes de Tranca, os bailes populares ou de máscaras contribuíron de xeito definitivo a ese proceso de patrimonialización do Rosalía por parte cidade herculina.


Na actualidade, e xa desde un concepto de participación activa da cidadanía na vida cultural, estamos a acadar importantes cotas de participación con proxectos de mediación nos que é o propio público o que realiza procesos de curadoría para definir parte dos contidos da súa programación.

Por último, non podemos deixar de pór en valor o verdadeiro músculo do TRC, o sentido último da súa acción xunto coa posta en valor do talento: os públicos, públicos heteroxéneos que responden, e responderon, ás chamadas dun teatro que traballa e programa para os moitos e para os poucos. Un público fidelizado, a través dun abono cuxa raizame parte do século XIX e a día de hoxe ten máis vigor ca nunca.

Deixemos pois que a maxia das musas Terpsícore, Melpómene, Euterpe e Talía, que nos deixou en regalo Lucini no rosetón do TRC, continúe levándonos da súa man cada vez que levantamos o pano do Rosalía. 180 invernos máis para o principal teatro da Coruña.

Pescadería Vella, A Coruña, novembro de 2020.





Expediente do legado de D. Isidro Pérez e de construción dun novo Teatro, 1836-1853.

Arquivo Municipal da Coruña


Unido del producto del trabajo general de Marxas, deducido por la Junta de Marxas. Al E. S. de Diciembre de 1925 en el Centro de Marxas, en beneficio del Hospital de Caridad.

	Corpo	Spazio
Da 10. Distanza di 100 metri	1000	220
Da 15. id. 250	1500	246
Da 20. id. 500	2000	272
Da 30. Distanza variabile da 0	3000	2850
Da 40. Distanza di 1000	4000	2910
Da 50. id. 1250	5000	
Da 60. id. 1500	6000	
Da 70. id. 1750	7000	
Da 80. id. 2000	8000	
Da 90. id. 2250	9000	
Da 100. id. 2500	10000	
Da 110. id. 2750	11000	
Da 120. id. 3000	12000	
Da 130. id. 3250	13000	
Da 140. id. 3500	14000	
Da 150. id. 3750	15000	
Da 160. id. 4000	16000	
Da 170. id. 4250	17000	
Da 180. id. 4500	18000	
Da 190. id. 4750	19000	
Da 200. id. 5000	20000	
Da 210. id. 5250	21000	
Da 220. id. 5500	22000	
Da 230. id. 5750	23000	
Da 240. id. 6000	24000	
Da 250. id. 6250	25000	
Da 260. id. 6500	26000	
Da 270. id. 6750	27000	
Da 280. id. 7000	28000	
Da 290. id. 7250	29000	
Da 300. id. 7500	30000	
Da 310. id. 7750	31000	
Da 320. id. 8000	32000	
Da 330. id. 8250	33000	
Da 340. id. 8500	34000	
Da 350. id. 8750	35000	
Da 360. id. 9000	36000	
Da 370. id. 9250	37000	
Da 380. id. 9500	38000	
Da 390. id. 9750	39000	
Da 400. id. 10000	40000	
Da 410. id. 10250	41000	
Da 420. id. 10500	42000	
Da 430. id. 10750	43000	
Da 440. id. 11000	44000	
Da 450. id. 11250	45000	
Da 460. id. 11500	46000	
Da 470. id. 11750	47000	
Da 480. id. 12000	48000	
Da 490. id. 12250	49000	
Da 500. id. 12500	50000	
Da 510. id. 12750	51000	
Da 520. id. 13000	52000	
Da 530. id. 13250	53000	
Da 540. id. 13500	54000	
Da 550. id. 13750	55000	
Da 560. id. 14000	56000	
Da 570. id. 14250	57000	
Da 580. id. 14500	58000	
Da 590. id. 14750	59000	
Da 600. id. 15000	60000	
Da 610. id. 15250	61000	
Da 620. id. 15500	62000	
Da 630. id. 15750	63000	
Da 640. id. 16000	64000	
Da 650. id. 16250	65000	
Da 660. id. 16500	66000	
Da 670. id. 16750	67000	
Da 680. id. 17000	68000	
Da 690. id. 17250	69000	
Da 700. id. 17500	70000	
Da 710. id. 17750	71000	
Da 720. id. 18000	72000	
Da 730. id. 18250	73000	
Da 740. id. 18500	74000	
Da 750. id. 18750	75000	
Da 760. id. 19000	76000	
Da 770. id. 19250	77000	
Da 780. id. 19500	78000	
Da 790. id. 19750	79000	
Da 800. id. 20000	80000	
Da 810. id. 20250	81000	
Da 820. id. 20500	82000	
Da 830. id. 20750	83000	
Da 840. id. 21000	84000	
Da 850. id. 21250	85000	
Da 860. id. 21500	86000	
Da 870. id. 21750	87000	
Da 880. id. 22000	88000	
Da 890. id. 22250	89000	
Da 900. id. 22500	90000	
Da 910. id. 22750	91000	
Da 920. id. 23000	92000	
Da 930. id. 23250	93000	
Da 940. id. 23500	94000	
Da 950. id. 23750	95000	
Da 960. id. 24000	96000	
Da 970. id. 24250	97000	
Da 980. id. 24500	98000	
Da 990. id. 24750	99000	
Da 1000. id. 25000	100000	

[illegible][illegible]


Conta do produto do baile xeral de máscaras do 25 de decembro de 1840 no Teatro Novo en beneficio do Hospital de Caridade, 29 de decembro de 1840.

Arquivo Municipal da Coruña



Expediente de concesión do Teatro ao Casino Republicano para celebrar unha reunión conmemorativa do día 29 de setembro de 1868, 1902.


Arquivo Municipal da Coruña



Detalle do plano das rúas de Luchana e da Fama, travesía de Luchana e canella de Agar, 1874, Fernando Barón.
 Arquivo Municipal da Coruña



Escritura da contrata para a instalación da iluminación eléctrica no Teatro Principal, 18 de decembro de 1889.
Arquivo Municipal da Coruña



Expediente de concesión do Teatro á Sociedad Filarmónica para dar dous concertos, 1905-1906.

Arquivo Municipal da Coruña

Número 133

Año de 1909

Teatro

Expediente sobre acuerdo del ayun-
tamiento dando al Teatro princi-
pal el nombre de Rosalía Castro

C-2440/4

Expediente sobre o acordo do Concello dando ao Teatro Principal o nome de Rosalía Castro, 1909.

Arquivo Municipal da Coruña



FUNCIÓN DE GALA

organizada por el Ayuntamiento de La Coruña en honor
de Sus Majestades los Reyes Don Alfonso XIII y Doña
Victoria Eugenia en ocasión de su visita a dicha ciudad

TEATRO ROSALÍA CASTRO

PROGRAMA

PRIMERA PARTE

A CARGO DEL CORO REGIONAL «CÁNTIGAS DA TERRA»

- (a) *Foliada de Portosín* (Coruña).
- (b) *Canto de Seitura del siglo XV*, (arreglo a seis voces, de Fernández Amor).
- (c) *Meu Menfío*, (de Adalid, a cuatro voces).
- (d) *Pandeirada*, (de Nebra, con baile).
- (e) *Terra Chá*, (de Fernández Amor, a cuatro voces).

INTERMEDIO

CORO DE «LAGANTERANAS» DE LA ZARZUELA «EL HUESPED DEL SEVILLANO», INTER-
PRETADO POR UN NUMEROSO GRUPO DE DISTINGUIDAS SEÑORITAS DE LA LOCALIDAD

SEGUNDA PARTE

POR EL CORO «CÁNTIGAS DA TERRA»

- (a) *Foliada de Berducido*, (Pontevedra).
- (b) *Lonxe da ferriña*, (del maestro Montes, a cuatro voces).
- (c) *Alalá del Cebreiro*, (Lugo).
- (d) *Negra Sombra*, (de Montes, a cuatro voces).

FINAL

MARCHA REAL, POR LA BANDA DE MÚSICA DEL REGIMIENTO DE INFANTERÍA DE
ISABEL LA CATÓLICA, COREADA CON LETRA DEL POETA MARQUINA
POR UN GRUPO DE SOLDADOS DE DICHO CUERPO

25 de Septiembre de 1927

Dará comienzo a las 23 horas.

**Programa da función de gala en honor a SS.MM Don
Alfonso XIII e Doña Victoria Eugenia no Teatro Rosalía
Castro, 1927.**

Biblioteca Municipal de Estudos Locais

Ayuntamiento de la Coruña

Expediente sobre presupuesto de obras en
la fachada sur del Teatro Rosalía de Castro
a consecuencia de los desperfectos ocasionados por
el bombardeo el día del alzamiento nacional en
esta ciudad.

Dño de 1937

c-5437/7

**Expediente sobre orzamento de obras na fachada sur do
Teatro Rosalía Castro a consecuencia dos danos polo
bombardeo o día do alzamento nacional, 1937.**

Arquivo Municipal da Coruña



Programa do “Gran Festival de Gala” en conmemoración do centenario da fundación da “Real Academia Provincial de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario” da Coruña a cargo das prestixiosas colectividades: Cántigas da Terra, Agrupación Albéniz, Coral Polifónica “El Eco”, Orquesta Sinfónica Municipal, 16 de novembro de 1949.
Arquivo Municipal da Coruña

Inés Rey García
Alcaldesa da Coruña

Coordinación
Xosé Paulo Rodríguez Domínguez

Fondos documentais e gráficos
Arquivo Municipal da Coruña
Biblioteca Municipal de Estudos Locais

Deseño da publicación
Urdime

Fotografía do material de arquivo
Miguel Calvo

Impresión
AG Agencia Gráfica

Ilustracións
**Mostras de papel pintado para o decorado da
sala interior do Teatro Principal en 1904. AMC**

Creatividade do 180º aniversario
Estratividad

Depósito legal
C 1619-2020


© Da edición: **Concello da Coruña**



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



Concello da Coruña 2020



Para terer forasente como se mandaren


BAILE DE MASCARAS.
BILLETE
de
RIFA. ENTRADA.


Núm.

Núm.

Mora de Comadre

Concello da Coruña 2020






Fachada del conado

Desde el punto A hasta el punto B por el interior



Jose M. de la Cruz




NUEVO MODELO DE BUTACAS

para sustituir á las actuales del


TEATRO PRINCIPAL

FRENTE




COSTADO







Concello da Coruña 2020



Mostras de papel pintado para o decorado da sala interior do Teatro Principal, 1904
I Arquivo Municipal da Coruña


*Elena recuerdos a' tu familia
y abegs de tu amiga Consuelo*



No. 12. La Coruña — Teatro Principal y Teatro Circo — Emilia Pardo Bazan


8-16-1905

Concello da Coruña 2020






Concello da Coruña 2020






Concello da Coruña 2020





FOT. VILLAR - N.º 978
LA CORUÑA

Concello da Coruña 2020







TELEFONO

FOT. VILLAR - N.º 997
LA CORUÑA

Concello da Coruña 2020








Concello da Coruña 2020





74


Concello da Coruña 2020





FOT. VILLAR - N.º 2.964
LA CORUÑA

Concello da Coruña 2020




Baile no Teatro Rosalía Castro. Retrato de grupo en palco, [193-?]

I Foto Villar [reencadramento]. Arquivo Municipal da Coruña



Concello da Coruña 2020



Decoración
ROCA - CAPELETE

Maquillaje
A C E A

Agustador
N. G.

Traspunte
M. QUINTELA

Vestuario
SRITA ROSITA FERNANDEZ

Dirección
ENRIQUE SILVA UZAL

CENTRO CULTURAL Y DEPORTIVO
DE SANTA LUCIA

GRAN FESTIVAL DE ARTE GALLEGO

EN EL

Teatro *Rosalía Castro*

POR EL

CUADRO ARTISTICO DE ESTE CENTRO
en funciones de tarde y noche

EL JUEVES, 29 DE ENERO DE 1948

100 000 000 000

La delicada comedia BILINGUE en dos actos,
original de ARMANDO COTARELO VALLE.

"Sinxebra"

"Una fina sensibilidade al servicio de un generoso corazón". "Es como la "sinxebra", una planta siempre joven, que nace cada año, bonita y elegante, pero amarga como la maldad; de flores amarillas como el odio, con hilillos rojos como sangre vertida".

REPARTO

ELLA Srta. Lily Tordón
EL Plácido Mirazo
ANA LISA Adela Cambejo
DORA María Rodríguez
LIDIA Paula
D. LUIS Don Francisco Rodríguez
ONCHO Joaquín Bolo
RITA María
TANITO niño León Padín

La graciosa comedia EN GALLEGO y en dia
actos, original de M. LUGRIS FREIRE, titulada

"Estadeña"


De ambiente marinero y campesino, desarrolla
da en la riante comarca marplatense, con sus puer-
tescas costumbres y supersticiones.

REPARTO

ROSA Srta. Mariela Fernández
XUANA Srta. M. Moreno
TONINO Don José Torres
XURKO Joaquín Sola
BASTIAN Luis Moreno
MARTÍN Pablo Quintanilla
GORECHO José Pérez

Un esfuerzo por levantar el Teatro Gallego

100 000 000 000



LUNES

AGOSTO 16

ENTRADA

San Joaquín, padre de la Sma. Virgen

SALIDA

COMPANIA de REVISTAS de
TEATRO ALBENTZ

7/4 — y — 11

¡CONQUISTAME!

Fin Butaca fha 22
11 — — 22

10.074.
2.877.

16.574.
2.101.4757

2.118.6557

MARTES

AGOSTO 17

ENTRADA

San Jacinto, confesor

SALIDA

COMPANIA de REVISTAS de
CELIA GAMEZ

7/4 — y — 11

VOLAR


Fin Butaca fha 25 50
11 — — 25

14.373.
14.521.

29.874.
2.118.656.50

2.118.656.50


Concello da Coruña 2020




**Follas do dietario de recadación dos espectáculos das compañías de revistas do Teatro Albéniz
e de Celia Gámez dos días 16 e 17 de agosto, 1954** | Arquivo Municipal da Coruña




Concello da Coruña 2020



Tricycle
Nov-97



Concello da Coruña 2020





Concello da Coruña 2020

